

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa do deputado **Aurelio Núñez Centeno**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión**, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, **10/PNC-000040 (660)**, sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para paliar a situación de inseguridade que se xera no **peirao de Laxe** cando hai marusía.

Emenda de substitución

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, para que, á vista da grave situación de risco que con maruxía se produce no peirao de Laxe, como consecuencia das contracorrentes e remuíños causados polo novo peirao comercial, continúe coa colaboración cos grupos municipais e a confraría de pescadores do Concello de Laxe para a adopción das medidas que sexan necesarias para paliar a situación de inseguridade creada, ofrecendo aos mariñeiros e ás súas embarcación un refuxio fiable e adecuado, levando a cabo as actuacións oportunas, establecendo os prazos e as dotacións orzamentarias correspondentes”.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 28/12/2016 14:13:21

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 28/12/2016 14:13:30